

26
27

CÁMINO DE SANTIAGO PARA ENTIDADES SOCIAIS

*Planificamos, acompañamos e coidamos
cada paso do Camiño.*

SOBRE NÓS

Aventeira S. Coop. Galega

Somos **unha cooperativa galega sen ánimo de lucro** constituída en 2019, especializada no deseño, desenvolvemento e avaliación de **proxectos socioeducativos en materia de igualdade de xénero, participación, mediación escolar, lecer educativo e intervención comunitaria**. Traballamos da man de administracións públicas, centros educativos e entidades sociais, creando propostas adaptadas ás necesidades de cada contexto e orientadas á xeración de impacto social.

Como cooperativa de iniciativa social, **cremos na educación como unha ferramenta para construír comunidade e transformar a realidade**. Por iso, desenvolvemos proxectos participativos, inclusivos e vivenciais, nos que o xogo ocupa un lugar central como motor da aprendizaxe, da creatividade e do cambio. Guiámonos polos principios da democracia, os coidados, a confianza e a conciencia crítica, integrando de forma transversal a promoción da igualdade, a innovación educativa e o compromiso coa cultura e coa lingua galega.



O CAMIÑO DE SANTIAGO

O **Camiño de Santiago** é, para moitas persoas, **unha xoia do noso patrimonio cultural e do saber popular**. Desde o descubrimento da tumba atribuída a Santiago o Maior, alá pola década do 820, foi construíndo unha historia e unha identidade propias que perduran ata os nosos días.

Hoxe, o Camiño é un fenómeno transversal que **combina a dimensión espiritual coa oportunidade de coñecer, compartir, crear vínculos e favorecer a comprensión mutua**. Unha experiencia na que cada peregrino e peregrina se achega tamén á paisaxe, á historia, á cultura e ás comunidades que forman parte do percorrido.

O Camiño de Santiago é, así, un espazo considerado sagrado durante séculos, pero tamén **un itinerario histórico, cultural e humano**. Unha forma de peregrinación que non substitúe a tradición, senón que incorpora novas motivacións e formas de vivila, adaptadas ás necesidades e ás realidades das sociedades contemporáneas.

Por todo isto, o Camiño constitúe **un marco excepcional** para vivir experiencias compartidas, gozar do patrimonio natural, cultural e gastronómico e favorecer o desenvolvemento persoal, a participación e os vínculos entre as persoas que percorren os seus diferentes itinerarios.



OBXECTIVOS

- 1/ Promover o Camiño de Santiago como **un espazo que combine actividade física, lecer e benestar**.
- 2/ Favorecer **a convivencia, os coidados, o apoio mutuo e a superación persoal** a través dunha experiencia compartida no Camiño.
- 3/ Fortalecer os vínculos entre as persoas participantes e **favorecer a creación de relacións de confianza**, así como o sentimento de pertenza á entidade.
- 4/ Achegarse e **gozar do patrimonio natural, paisaxístico, cultural e gastronómico de Galicia** a través da experiencia do Camiño de Santiago.
- 5/ Facilitar **unha experiencia accesible, inclusiva e adaptada** ás necesidades, capacidades e ritmos de cada grupo.



QUE OFRECEMOS?

A **xestión integral** do **Camiño de Santiago** abrangue todas as fases da actividade, desde a concepción e planificación ata a súa execución, traballando en coordinación coas persoas responsables da entidade promotora.

/CONCEPCIÓN

Partindo da nosa oferta e en coordinación coa entidade, definiremos a ruta que mellor se adapte ás necesidades e características de cada grupo. Analizaremos a variante, as etapas, a duración, o aloxamento e demais aspectos da actividade, concretando tamén as condicións económicas e as necesidades específicas de cada grupo.




/PREPARACIÓN

En colaboración coa entidade, concretaremos a proposta final, definindo datas e horarios, rutas e avituallamentos, así como toda a xestión loxística, as inscricións e a información necesaria para as persoas participantes.

/EXECUCIÓN

Desenvolvemento da actividade, con guía, coordinación e acompañamento continuo das persoas participantes durante todo o percorrido.



METODOLOXÍA

A nosa traxectoria está ligada á Educación Non Formal e ao tempo libre, desde o escultismo ata a facilitación de grupos e a experimentación con metodoloxías educativas innovadoras. Partimos da idea de que a motivación medra cando existe implicación emocional, polo que deseñamos experiencias que combinan aprendizaxe, participación e diversión.

Durante toda a experiencia, as persoas participantes contarán con acompañamento profesional, así como con **espazos de lecer, convivencia e coidados grupais**, sempre respectando as necesidades, características e ritmos de cada grupo.

En ruta

O equipo técnico acompañará e guiará o grupo durante todo o percorrido, velando en todo momento pola seguridade e o benestar das persoas participantes. Aínda que as diferentes rutas están correctamente sinalizadas, **o equipo encargarse do guiado e da coordinación do grupo** ao longo de cada etapa.

Todo o equipo técnico estará identificado mediante elementos de visibilidade e contará con dispositivos de comunicación para garantir a coordinación directa durante a ruta e facilitar a resposta ante posibles necesidades ou imprevistos.

Ademais, **un vehículo de apoio loxístico acompañará o percorrido**, establecendo puntos de avituallamento estratéxicos en lugares accesibles e de tránsito, garantindo que todo o grupo poida facer uso deste servizo. Unha vez completado o paso do grupo, o vehículo desprazarase ao seguinte punto. **Disporase tamén dun segundo vehículo con prazas para pasaxeiros**, destinado a dar resposta a posibles necesidades de traslado ou evacuación durante o percorrido.

O EQUIPO TÉCNICO

Un equipo multidisciplinar de profesionais con experiencia e a debida acreditación para o acompañamento, guiado e coidado do grupo, que estará dispoñible durante as 24 horas da actividade para atender calquera necesidade ou incidencia que poida xurdir.



→ EQUIPO TÉCNICO DE BASE

- Monitorado de ruta
- Coordinación loxística
- Coordinación xeral

→ EQUIPO TÉCNICO EXTRA *(A solicitude da entidade)*

- Monitorado de lecer e tempo libre

→ OUTRO PERSOAL ESPECIALISTA *(Se a entidade o require, pódese valorar a incorporación de persoal especialista, en función da súa dispoñibilidade)*

- Perfil sanitario
- Perfil turístico
- Perfil psicosocial (Educación Social e/ou Psicoloxía)

RECURSOS DISPONÍBLES

Recursos loxísticos

- Autocar para os desprazamentos entre roteiros e hospedaxe.
- Furgoneta de apoio en roteiro.
- Furgoneta de emerxencia.
- Auga, froita e froitos secos en postos específicos dos roteiros.
- Seguro de accidentes e responsabilidade civil.



Aloxamento e manutención

→ **Aloxamento:** En función do número de participantes e das necesidades do grupo, poderase optar por **manter o aloxamento nun mesmo punto central** durante todo o percorrido **ou cambialo ao finalizar cada etapa**, segundo a dispoñibilidade de aloxamentos nas localidades de destino.

→ **Pensión completa** durante toda a actividade.

NON TODO É CAMIÑAR...

O Camiño é o fío condutor da experiencia, pero o seu valor vai moito máis alá dos quilómetros percorridos. A actividade física, o reto persoal e a satisfacción de avanzar etapa a etapa combínanse cunha dimensión social e comunitaria que consideramos fundamental.

Queremos que cada etapa sexa tamén **unha oportunidade para compartir, coidarse, apoiarse e fortalecer os vínculos entre as persoas participantes**. Por iso, completamos a experiencia con propostas para as tardes que permiten seguir gozando do territorio e do grupo: visitas e excursións culturais, actividades de lecer, ou xogos e dinámicas baseadas na Educación Non Formal.

Cada grupo e entidade teñen as súas propias necesidades, intereses e características. Por iso, **ofrecemos a posibilidade de deseñar un programa complementario a medida**, incorporando actividades que respondan ás súas inquedanzas e que permitan descubrir e poñer en valor o patrimonio cultural, natural e antropolóxico de Galicia.



AS NOSAS PROPOSTAS INICIAIS

Partimos de **dúas propostas de ruta** especialmente seleccionadas a raíz da nosa experiencia e deseñadas para ofrecer unha vivencia completa, equilibrada e axeitada para grupos de entidades sociais.

→ **VÍA DA PRATA** (de Ourense a Santiago de Compostela en 6 etapas)

→ **CAMIÑO PORTUGUÉS DA COSTA** (de Vigo a Santiago de Compostela en 6 etapas)

Ambas rutas permiten obter **A Compostela (acreditación da peregrinación).*



As propostas están pensadas para grupos de ata 50 participantes. No caso de necesitar un número maior de prazas, estudaremos a viabilidade en función da dispoñibilidade de aloxamento, transporte e demais necesidades loxísticas.

As rutas e o número de etapas propostas responden á nosa experiencia no terreo e buscan **un equilibrio entre o esforzo físico, os tempos de descanso e o aproveitamento da experiencia.** Porén, podemos valorar outras variantes, percorridos ou duracións e deseñar unha proposta adaptada ás necesidades e características de cada entidade.



AS NOSAS PROPOSTAS INICIAIS

Un día tipo

A organización de cada xornada **adaptarase ás características de cada etapa, ás necesidades do grupo e á planificación acordada coa entidade**. Polo tanto, os horarios e a distribución das actividades poderán variar ao longo do percorrido.

As **actividades sinaladas como opcionais** poderán incorporarse ao programa ou substituírse por tempo libre, en función das preferencias da entidade e da programación prevista para cada xornada.

07:00	Almorzo
07:45	Desprazamento ata o inicio de ruta
08:45	Comezo de etapa
14:00	Fin de etapa
15:00	Xantar no establecemento de hospedaxe
17:00 (opcional)	Visita a atractivo turístico / actividade grupal
20:00	Regreso ao aloxamento e tempo libre
21:00	Cea
22:15 (opcional)	Actividade grupal



SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

- **TRANSPORTE DE EQUIPAXES:** Xestión do traslado diario das equipaxes entre etapas para facilitar o percorrido e mellorar o confort das persoas participantes.
- **CREDENCIAL DO PEREGRINO E A COMPOSTELA:** Tramitación das Credenciais do Peregrino e apoio na xestión da Compostela ao finalizar o percorrido, segundo os requisitos establecidos.
- **DINÁMICAS DE COHESIÓN GRUPAL:** Xogos e dinámicas de Educación Non Formal para favorecer o coñecemento mutuo, a confianza, a participación e a cohesión do grupo.
- **EXCURSIÓNS E VISITAS CULTURAIS:** Propostas para descubrir e poñer en valor o patrimonio cultural, natural, histórico e gastronómico dos territorios polos que transcorre a ruta.
- **VELADAS NOCTURNAS E ACTIVIDADES DE LECER:** Actividades para os momentos de descanso que favorezan a convivencia, o desfrute e a creación de vínculos máis alá das horas de camiñada.



EXPERIENCIA NO CAMIÑO CON GRUPOS

11

→ CAMIÑO DE SUPERACIÓN · 2019

A nosa experiencia na xestión e acompañamento de grupos no Camiño de Santiago comeza en 2019, en colaboración coa **Asociación Española Contra o Cancro en Galicia**, no marco do programa *O Teu Xacobeo*. Desenvolvemos un programa dirixido ás persoas usuarias da entidade, combinando o percorrido do Camiño coa convivencia e a superación persoal.

→ OS CAMIÑOS DA DIABETES · 2021

No marco da edición 2021 de *O Teu Xacobeo*, colaboramos coa **Asociación de Diabetes de Ferrolterra** nun proxecto que combinou o percorrido do Camiño con accións de visibilización e sensibilización sobre a diabetes, así como actividades culturais abertas á cidadanía.

→ HACIENDO CAMINO · 2024 - 2025

En 2024 e 2025 encargámonos da xestión integral das actividades da **Federación Española de Diabetes**, traballando con grupos de ata 100 participantes. As propostas combinaron o Camiño de Santiago con formacións impartidas por persoal sanitario especializado, actividades lúdicas e excursións culturais, creando unha experiencia que foi máis alá do propio percorrido.

RESUMO DO CAMIÑO
DE SUPERACIÓN

HACIENDO CAMINO
(ANO 2024)

HACIENDO CAMINO
(ANO 2025)



ORZAMENTO

Consúltanos e elaboraremos **unha proposta económica** sen compromiso, adaptada ao número de participantes, á duración da actividade, e aos servizos e accións complementarias que desexedes incorporar.

Ademais, podemos asesorarvos sobre **posibles vías de financiamento e axudas públicas** que permitan sufragar parte dos custos da actividade.

Actualmente, do 1 ao 31 de outubro de 2026, estará aberto o procedemento *TU300A – Subvencións a proxectos de dinamización e promoción do Xacobeo 2027 (Programa O Teu Xacobeo)*, da Axencia Turismo de Galicia, dirixido, entre outras, a asociacións e ONG's, empresas e profesionais. Esta convocatoria pode constituír unha oportunidade para financiar parcialmente o voso proxecto no Camiño de Santiago.



CONTACTA CON NÓS!

722 349 490 · 722 658 767



bobi.gonzalez@aventeira.com



aventeira@aventeira.com

www.aventeira.com



Aventeira
COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER